



PLAN DE
IGUALDADE
CURSO 2024-2025

*IES POETA AÑÓN
(OUTES)*

PLAN DE IGUALDADE**ÍNDICE**

1. Introducción.	p.2
2. Contextualización normativa e do centro.....	p.3
3. Análise da situación do centro en relación coa igualdade de xénero, coa violencia de xénero e coa LGTBIfobia.....	p.7
4. Obxectivos coeducativos que se abordan no plan:.....	p.9
4.1. Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.....	p.9
4.2. Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero.....	p.9
4.3. Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual.....	p.10
4.4. Prevención, detección e intervención en casos de LGTBIfobia.....	p.11
5. Medidas concretas de actuación nos seguintes ámbitos:.....	p.11
5.1. Organización do centro.....	p.11
5.2. Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes.....	p.12
5.3. Xestión dos espazos, dos recursos e as oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo.....	p.12
5.4. Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar.....	p.13
6. Seguimento e avaliación.....	p.13
ANEXO : Recursos na rede.....	p.14

1. Introducción.

No I Plan de Actuacións para a Igualdade en Centros Educativos de Galicia 2016/2020 recóllese que nos últimos anos vense observando un aumento das condutas discriminatorias e dos estereotipos sexistas entre o alumnado dos centros educativos; condutas e estereotipos que inflúen no desenvolvemento da súa identidade e que acaban manifestándose moitas veces a través de problemas de convivencia escolar.

Non debemos esquecer que os centros educativos son un reflexo do que sucede na sociedade: as condutas discriminatorias que se perciben nos centros son reproducións das percibidas polo alumnado na sociedade que lle rodea, de aí que sexa preciso prestar atención e espertar na rapazada a necesidade de detectar estas condutas, de recoñecelas como discriminatorias, de reflexionar sobre elas e de cuestionalas para tratar de desterralas, e así tratar de construír unha sociedade distinta, igualitaria e respectuosa coas diferenzas.

Co obxectivo de inverter as condutas discriminatorias, a coeducación preséntase como unha das ferramentas máis útiles e potentes para poder acabar coa desigualdade, e a escola constitúe unha plataforma excelente para a superación dos prexuízos sexistas e para acadar un cambio en profundidade das estruturas e das prácticas sociais non desexables.

Por todo elo, segundo a Instrución do 6 setembro 2019 para a elaboración de Plans de Igualdade nos centros educativos, faise necesario deseñar e desenvolver un Plan de Igualdade no IES Poeta Añón, que forme parte do PEC, e que recolla todos aqueles elementos que deben ser tomados en conta para que a igualdade sexa unha realidade efectiva do noso centro.

Hai que dicir, que o IES Poeta Añón leva unha traxectoria de varios cursos nos que se están a desenvolver actuacións en materia de igualdade que destacamos a continuación de xeito resumido:

- Desenvolvemento de obxectivos coeducativos no Proxecto Educativo de Centro.
- Desenvolvemento de contidos coeducativos para todo o alumnado no marco da Acción Tutorial do Centro.
- Desenvolvemento de medidas de intervención para abordar condutas contrarias á convivencia por razón de xénero.
- Realización de actividades dirixidas a todo o alumnado, en especial nas datas sinaladas no calendario escolar oficial (25 de novembro, 8 de marzo, ...)
- Nomeamento dunha persoa coordinadora do Plan de Igualdade.
- Promoción dunha orientación laboral e profesional libre de estereotipos de xénero.

Os datos e actuacións recollidas no presente documento (curso escolar 2023-2024) servirán de partida para marcar as liñas e medidas de intervención que se irán actualizando ano a ano e, despois da súa aprobación, será incluído no Proxecto Educativo de Centro, concretando na PXA as medidas que se van propoñer para acadar os obxectivos coeducativos.

2. Contextualización normativa e do centro.

2.1. CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA

Toda actuación educativa precisa dun respaldo normativo para o desenvolvemento das súas funcións. Tamén en materia de igualdade, onde destacamos o seguinte marco legislativo que nos serve para orientar as actuacións no IES Poeta Añón.

A nivel europeo:

- A Resolución do Parlamento Europeo, do 9 de xuño de 2015, sobre as *Estratexias da Unión Europea para a igualdade entre homes e mulleres despois de 2015*, considera que os estereotipos de xénero seguen tendo unha grande influencia no ámbito educativo e destácase o papel decisivo que desempeña a educación e a capacitación na loita contra eses estereotipos para poñer fin á discriminación baseada no xénero, así como os seus efectos positivos para as mulleres e para a sociedade e a economía en xeral.

A nivel estatal:

- A Constitución Española de 1978 reconece no seu artigo 14 a igualdade ante a lei por razón de sexo. E no artigo 9.2 di que é obriga dos poderes públicos promover as condicións para que esa igualdade sexa real e efectiva.
- A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio de Educación (LOE), coas modificacións da Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, de Mellora da Calidade Educativa (LOMCE); e os artigos vixentes da LODE (1985) que recollen e regulan o funcionamento do noso Sistema Educativo actual, establecen entre os seus principios “ *O desenvolvemento, na escola, dos valores que fomenten igualdade efectiva entre homes e mulleres, así como a prevención da violencia de xénero*”
- A Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo establece no Artigo 23 a educación para a igualdade de mulleres e homes e o Artigo 24 alude á integración do principio de igualdade na política de educación.
- A Lei Orgánica 1/2015 que modifica o código penal e cuxa novidade fundamental é que traslada a idade de consentimento sexual aos 16 anos.
- Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.

A nivel autonómico destacar:

- O Decreto Legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, que establece os seguintes puntos:

- En ningún caso, o deseño e desenvolvemento do currículo conterá elementos que transmitan, directa ou indirectamente, unha distribución estereotipada de papeis entre os sexos ou unha imaxe de dominación dun sexo sobre o outro en calquera ámbito da vida.
 - O enriquecemento do contido curricular coas contribucións ao coñecemento humano realizadas polas mulleres no pasado e no presente, e co axeitado reflexo do papel das mulleres na evolución histórica.
 - A Xunta de Galicia incluírá nos programas de formación do profesorado, como materia específica, a igualdade e a violencia de xénero. Módulo ICI (Igualdade, Convivencia e Inclusión) nos plans de formación do profesorado a partir do curso 17/18 e posteriores.
 - Erradicación de prexuizos nos centros docentes.
 - Integración da igualdade na formación profesional.
- O Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia especifica no Artigo 7, apartado C, o obxectivo de *“valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes.”* E no apartado D menciona *“fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuizos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos”*.
 - A Lei galega 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia (LGTBI) dedica o capítulo V ás medidas no ámbito educativo.
 - A Lei galega 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, recolle medidas encamiñadas á formación e prevención da violencia de xénero.
 - O Decreto 8/2015 que desenvolve a Lei 4/2011 de convivencia e participación da Comunidade Educativa contempla a integración do principio de igualdade entre mulleres e homes.
 - Instrucións do 6 de setembro de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, para a elaboración de Plans de Igualdade no curso 2019/2020, nos centros docentes sostidos con fondos públicos de niveis non universitarios da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

Finalmente, teremos en conta os PROTOCOLOS publicados pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, así como diversos plans publicados por diferentes organismos en materia de igualdade e prevención da violencia de xénero. No marco deste Plan de Igualdade terán especial relevancia:

- Protocolo de Acoso Escolar e Ciberacoso.
- Protocolo de Identidade de Xénero.
- I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020, publicado pola Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia.
- Protocolo de Coordinación e Cooperación Institucional fronte á violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia do Observatorio Galego da Violencia de Xénero, que ten como obxectivo crear e fomentar novos modelos de relación sociais, emocionais e afectivas ao marxe de roles e estereotipos de xénero.

Á vista de todo elo, engadir que **corresponde a toda a comunidade escolar o desenvolvemento do Plan de Igualdade** en tanto que a súa elaboración e inclusión no Proxecto Educativo será competencia do Equipo Directivo co asesoramento da persoa coordinadora do plan e a colaboración e participación de todos o membros do Claustro. Do mesmo xeito, desde os Departamentos Didácticos será posible afondar no desenvolvemento do currículo non sexista.

Igualmente, será fundamental a **coordinación co Equipo de Orientación Educativa** de cara a asegurar unha orientación académica e profesional que teña en conta a perspectiva de xénero, e tamén unha formación igualitaria en temas como a educación emocional, a educación afectivo-sexual, a resolución pacífica de conflitos ou a autonomía persoal.

2.2. CONTEXTUALIZACIÓN DO CENTRO

Hai que dicir que na elaboración deste Plan de Igualdade non partimos de cero. Desde hai anos no centro se veñen levando a cabo actividades, charlas e obradoiros que teñen como obxectivo a coeducación e a reflexión sobre condutas discriminatorias. Ademais, tamén a igualdade de xénero e a construción dun modelo educativo igualitario aparece recollida nos distintos documentos de centro :

- No **Proxecto de Dirección** (2020-2025) menciónase como Obxectivo Organizativo 1 *“manter o modelo de convivencia respectuosa e aberta baseado na igualdade entre persoas como principio fundamental e proporcionando estratexias de prevención”*. Igualmente a nivel curricular, o Obxectivo 8 é *“promover a educación e a formación para a igualdade entre mulleres e homes.”*
- De igual modo, no **Plan Xeral anual** (PXA), no **Plan de Convivencia e NOF** (PC) e no **Plan de Acción Titorial** (PAT) aparece recollida a concreción dos obxectivos co-educativos. Así:

- No **Plan Xeral Anual**, 23-24 menciónase como obxectivo *“Mellora-lo clima relacional do centro nun ambiente de respecto mutuo asumindo a igualdade como un principio fundamental”* propoñéndose para elo unha serie de actuacións tendentes a potenciar a convivencia, os valores democráticos e a igualdade dentro da comunidade educativa. Así os traballos previstos para sensibilizar ao alumnado durante as conmemoracións sinaladas no calendario escolar oficial como o 25 de novembro, 8 de marzo... . Igualmente, o tema do respecto e as relacións entre iguais sen atender a diferenciacións de tarefas en función do sexo está presente en todas as actividades do IES, tanto curriculares como complementarias e extraescolares .
 - O **Plan de Convivencia e NOF** -aparte de recoller distintas medidas preventivas para evitar conflitos e mellorar a convivencia- cita como un dos seus obxectivos xerais *“a educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas”*. Este plan require en ocasións a colaboración e coordinación con institucións externas, como o Concello de Outes (CIM, servizos sociais, educadora de familias...) RAOGAL (Rede de acompañamento e orientación personal e familiar de Galicia), Plan Director, Proxecto Medioambiental Climántica...
 - Dentro do **Plan de Acción Titorial** merece especial mención o PLAN DIRECTOR coordinado pola Orientadora do centro, que contempla a convivencia e mellora da seguridade nos centros educativos e nas súas contornas. Neste curso estase a traballar a prevención de delitos de acoso e de ciberacoso. Igualmente o PAT recolle actuacións para a conmemoración de datas sinaladas no calendario pola igualdade como o 25 novembro (Día Internacional contra a Violencia de Xénero), 8 marzo (Día Internacional da Muller), 31 marzo (Día Internacional da Visibilidade Trans) ou 26 abril (Día da visibilidade Lésbica). Finalmente, mencionar que se fai un tratamento do Programa de Orientación Académica dende unha perspectiva libre de estereotipos de xénero.
 - Desde o curso, 23-24, o centro conta cunha persoa responsable do Plan de Convivencia, Benestar e Igualdade.
- Dentro do **Plan de Biblioteca, en colaboración co Dpto. Orientación** organízanse actividades para conmemorar determinadas datas ligadas á coeducación (como poden ser as xa mencionadas 25- N, 8- M ou o Día da Muller na Ciencia) e creouse un recuncho nos andeis con documentos coeducativos.

- Tamén na programación anual do **Club de Lectura** está presente o principio da igualdade de homes e mulleres e o respecto a realidade LGTBI como un dos eixes a promocionar coa lectura de libros sobre estas temáticas.

3. Análise da situación do centro en relación coa igualdade de xénero, coa violencia de xénero e coa LGTBIfobia.

Aínda que non se levou a cabo un estudo cualitativo e cuantitativo da situación actual no noso centro con respecto a estes parámetros, é preciso concretar cal é a punto de partida analizando fortalezas e debilidades en base ó traballo que se leva a cabo e aos datos dispoñibles nos distintos documentos do IES. Nos vindeiros cursos, deberán revisarse e actualizar os datos aquí recollidos co fin de facer visible a toda a comunidade educativa a necesidade de desenvolver accións positivas a prol da igualdade e adaptalas á situación do IES.

FORTALEZAS

- Non existen problemas serios de convivencia no noso centro de acordo coa última enquisa de convivencia realizada no curso 2022-23. Segundo os distintos membros da comunidade, no IES Poeta Añón a convivencia é boa: tan só se dan casos puntuais de conflito que son solucionados.
- Por parte dos distintos Departamentos didácticos constátase preocupación por transmitir unha educación libre de estereotipos de xénero a través da súa inclusión no currículo como tema transversal e a actuacións como organización de charlas, proxección de películas, realización de actividades complementarias e extraescolares nas que se traballa a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.
- Dende o Departamento de Orientación promóvense iniciativas a prol da igualdade, algunhas delas coordinadas con entidades externas (Plan Director, CIM de Outes...). Tamén se leva a cabo unha orientación laboral e profesional libre de estereotipos de xénero -a través do Plan de Acción Titorial.
- Tómanse medidas correctivas -tal como se recolle no Plan de Convivencia e nas NOF-, en relación ás condutas contrarias á convivencia, para atallar problemas puntuais de conduta relacionadas co xénero e a LGTBIfobia (faltas de respecto, difusión de imaxes na rede, etc..).
- Cada curso escolar realízanse actividades de sensibilización dirixidas a todo o alumnado ao redor de determinadas datas conmemorativas relacionadas coa igualdade de xénero.

- Utilízase linguaxe neutro, sempre que é posible, nas comunicacións oficiais e na cartelería do centro (Sala de profesorado, Dirección, Xefatura de estudos, Secretaría...).
- Foi nomeada unha persoa coordinadora do Plan de Convivencia, Igualdade e Benestar e creouse un equipo ACAE (Actuación Contra o Acoso Escolar).
- O equipo directivo está implicado na aplicación deste plan.

DEBILIDADES

- Non se levou a cabo unha recollida de datos -a través de enquisas á comunidade escolar- para ver o punto de partida do centro en cuestión de igualdade, xénero e LGTBifobia.
- Non hai unha persoa no Consello Escolar responsable en materia de igualdade.
- Entre o alumnado, hai moito descoñecemento e prexuízos sobre o feminismo.
- Igualmente, detéctanse puntualmente situacións de desprezo ou violencia verbal cara as persoas LGTBI.
- Non existe un plan de educación afectivo-sexual integral para todo o alumnado do centro.
- Así como nos documentos oficiais do centro si se emprega unha linguaxe inclusiva, o uso desta na comunicación oral non é xeneralizado entre o profesorado.
- Hai escasa implicación das familias.
- En canto á presenza do **alumnado** en órganos de decisión (xunta de delegadas/os e Consello Escolar) no curso 23-24 hai representación única e exclusiva de homes.

	TOTAL	ALUMNAS (%)	ALUMNOS (%)
ALUMNADO do CENTRO	133	56 (42,1%)	77 (57,9%)
XUNTA DELEGADAS/OS	7	0 (0%)	7 (100%)
CONSELLO ESCOLAR	2	0 (0%)	2 (100%)

- No referente ó rexistro de condutas contrarias á convivencia, nas 100 ocasións en que se derivou a alumnado á aula de convivencia durante o curso actual, o 94% correspondeu a alumnos e o 6% a alumnas. Tódolos incidentes rexistrados tiveron lugar en sesións nas que as docentes eran mulleres. Apuntar que o

claustro está constituído por un total de 24 profesionais, 19 profesoras (79,2%) e 5 profesores (20,8%).

- Polo que respecta á representación das familias no Consello Escolar, a totalidade dos membros son mulleres (3).
- Nas actividades deportivas libres durante os recreos obsérvase unha maior representación e ocupación dos espazos de xogo por parte de alumnos.
- A difusión dos obxectivos coeducativos é mellorable entre os distintos membros da comunidade educativa de cara á súa información e sensibilización.

4. Obxectivos coeducativos que se abordan no plan

4.1 Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

- Participar de forma igualitaria na realización de actividades grupais, comunicacións e na repartición de responsabilidades e tarefas, rexeitando a división de traballo e funcións por razóns de xénero.
- Explorar e descubrir en todo o ámbito da vida social e cultural, tanto no pasado como na actualidade, a igualdade de posibilidades e a equivalencia de achegas de homes e mulleres.
- Traballar un novo modelo de masculinidade co alumnado.
- Reflexionar sobre as situacións discriminatorias e estereotipos manifestas nos medios de comunicación e na publicidade.
- Reflexionar sobre a posibilidade de que calquera persoa pode desempeñar un traballo con independencia do seu xénero.
- Fomentar a participación e paridade nos órganos de representación e decisión.
- Animar ás familias a reflexionar cos seus fillos e fillas sobre a importancia de respectar a igualdade de xénero, sobre a liberdade na elección da identidade de xénero e sobre a libre orientación afectivo-sexual.
- Tamén no ámbito das familias, incentivalas a permitir que o alumnado teña as afeccións que desexe e escolla o traballo que lle gusta.

4.2 Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero.

- Fomentar unha actitude activa de rexeitamento a calquera manifestación de acoso (sexista, homofóbico, ou de calquera outra natureza), apoiando e defendendo ás persoas violentadas e comunicando a calquera membro docente, ao Departamento de Orientación ou Equipo Directivo estas situacións de violencia (agresións verbais, físicas, accións de odio, etc.).
- Formar sobre os riscos derivados dun emprego incorrecto das TIC, como ferramenta de control, chantaxe, *bullying*, ...
- Sensibilizar ó profesorado cara á detección de problemas no ámbito familiar.
- Favorecer a comunicación coa persoa menor co fin de detectar casos de violencia familiar.
- Aplicar e informar dos protocolos establecidos en caso de detección dun caso de violencia de xénero, tendo sempre presente a protección da persoa menor.
- Poñer a disposición do alumnado todas as vías de comunicación e axuda nos casos de violencia de xénero (Departamento de Orientación, Servizos Sociais, ...).

4.3 Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual.

- Favorecer e promover o respecto á libre orientación afectivo-sexual e á identidade de xénero.
- Aceptar, respectar e valorar as características dos demais sen caer en actitudes discriminatorias en relación co sexo, coa orientación sexual ou coa identidade de xénero.
- Adoptar medidas para eliminar o uso sexista e heterosexista da linguaxe e promover unha imaxe de mulleres e homes baseada na igualdade e no respecto á diversidade afectivo-sexual e familiar.
- Implicar ás familias nas tarefas coeducativas e no respecto á diversidade afectivo-sexual e familiar.
- Establecer unhas pautas comúns que supoñan un apoio á igualdade de xénero e promovan un centro coeducativo e respectuoso coa diversidade afectivo-sexual, de xénero e familiar.
- Concienciar á comunidade escolar no uso da linguaxe non sexista nin heterosexista que presupoña a heterosexualidade e o xénero, para que todas as persoas se sintan recoñecidas de maneira positiva.

4.4 Prevención, detección e intervención en casos de LGBTIfobia.

- Realizar actuacións de información e sensibilización sobre diversidade sexual e de xénero dirixidas ao alumnado.
- Reflexionar sobre os nosos propios prexuízos baseados no sexismo e na homofobia, presentes na nosa propia educación, que poidan influír no noso alumnado para que poidan ser modificados.
- Incluír no Plan de Convivencia o protocolo de prevención, detección e tratamento do acoso e ciberacoso, e os procedementos para a corrección de condutas contrarias á convivencia, no que se incluírán as condutas de acoso, discriminación, violencia de xénero ou maltrato por motivo de identidade de xénero.
- Contribuír a facer do noso lugar de traballo un espazo seguro para as persoas LGTBI, rexeitando toda discriminación por motivos de orientación afectivo sexual, identidade de xénero e diversidade familiar.
- Facer dispoñible na biblioteca do centro un catálogo de materiais que inclúa a temática da diversidade sexual.
- Responder con inmediatez a comentarios despectivos, chistes ou burlas sexistas ou homóforas feitas polo alumnado ou calquera membro da comunidade escolar, dirixidos a mulleres ou persoas LGTBI presentes ou non.

5 Medidas concretas de actuación nos seguintes ámbitos:

5.1 Organización do centro.

- Favorecer a representación de homes e mulleres nos órganos de decisión e representación de xeito equitativo.
- Nomear unha persoa responsable en materia de igualdade no Consello Escolar para participar no impulso do Plan de igualdade. Esta persoa será a responsable da coordinación das actuacións enmarcadas no Plan de Igualdade.
- Difundir o plan entre os distintos axentes da comunidade (con especial atención ás familias).
- Promover a formación do profesorado, do alumnado e das familias en materia de igualdade.

- Empregar unha linguaxe inclusiva e igualitaria tanto nas comunicacións e documentos do centro como nas actividades no mesmo.
- Colaborar con outras entidades na realización de actividades coeducativas (CIM, Concello de Outes, ADISBISMUR...)

5.2 Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes.

- Revisar as programacións didácticas e a práctica docente desde unha perspectiva de xénero: para incluír as mulleres relevantes en cada ámbito do saber, os saberes asociados tradicionalmente ás mulleres, as desigualdades de xénero... co fin de completar a historia da humanidade.
- Revisar o material didáctico empregado na aula (valores, normas, representacións, selección dos contidos, dos personaxes, das imaxes, da linguaxe, da proposta de actividades).
- Realizar actividades de sensibilización na aula.
- Realizar actividades de información e sensibilización coas familias, impulsando a súa participación e formación a través da Escola de Familias como instrumento de acción coeducativa e diversidade afectivo-sexual e de xénero.

5.3 Xestión dos espazos, dos recursos e das oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo.

- Difundir información a través dun taboleiro no centro.
- Promover lecturas coeducativas a través da biblioteca (Hora de Ler, Club de lectura...).
- Empregar contidos de actualidade para sensibilizar sobre a necesidade de avanzar cara á igualdade real.
- Xestionar as actividades e a ocupación do patio para favorecer a inclusión.
- Promover unha elección do futuro académico e profesional libre de estereotipos de xénero, en particular poñendo en valor a vocación científica e tecnolóxica no alumnado feminino.

5.4 Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar:

- Promover a corresponsabilidade na realización das tarefas.
- Análise crítica dos posibles comportamentos sexistas na vida cotiá do centro para a súa eliminación e asimilación de actitudes e comportamentos alternativos.
- Promover o respecto e o bo trato entre mulleres e homes.
- Promover o respecto cara á diversidade sexual e de xénero.
- Realizar un breve protocolo de actuación para abordar casos de condutas contrarias á convivencia por razón de xénero e por LGTBIfobia.
- Explicitar as medidas reeducativas e reparadoras aplicables no caso de condutas contrarias á convivencia por razón de xénero.

6. Seguimento e avaliación.

Finalizado cada curso escolar, a persoa coordinadora do Plan de Benestar, Convivencia e Igualdade elaborará unha memoria ou informe final que deberá incorporarse á memoria final do centro. Darase prioridade ós seguintes indicadores de logro en relación ao seu cumprimento:

- Grao de consecución dos obxectivos propostos
- Grao de consecución das actuacións programadas.
- Coordinación entre o profesorado.
- Grao de participación por parte do profesorado, alumnado e familias nas diversas actuacións recollidas nos obxectivos do Plan Anual .
- Grao de participación de entidades externas (asociacións, Concello,...).
- Grao de satisfacción do alumnado na participación nas distintas actividades do plan.
- Eficacia dos mecanismos de difusión.

Logo da análise e da valoración destes datos, estableceranse propostas de mellora para os vindeiros cursos escolares co fin de axustar a abordaxe dos distintos obxectivos coeducativos ao noso contexto educativo.

Para esta avaliación do Plan de igualdade empregaranse os seguintes instrumentos:

- Observación sistemática e directa.
- Enquisas ou cuestionarios aos membros da comunidade educativa con táboa de indicadores para unha diagnose coeducativa do centro.

ANEXO I : RECURSOS NA REDE

- Educación en igualdade. Xunta de Galicia
<https://igualdade.xunta.gal/gl/content/educacion-en-igualdade>
- Práctica docente con equidade de xénero. Unha guía de traballo
<https://mujeresconciencia.com/?s=practica+docente+con+equidad+de+genero>
- Materiais para traballar na aula. Educando en igualdade (FeSP-UGT)
<http://www.educandoenigualdad.com/>
- Guía de Literatura Infantil e Xuvenil para a igualdade. Xunta de Galicia
https://drive.google.com/file/d/1ix-U5_udmDkhwMcSz2tpo0H-fypRCjfl/view
- Guía de literatura Infantil e Xuvenil para a Igualdade II. Xunta de Galicia
https://igualdade.xunta.gal/sites/default/files/files/documentos/guia_de_igualdade_2020_web_compressed.pdf
- Guía GALIX: Obxectivos de desenvolvemento sustentable (Obxectivo 5: Igualdade de xénero)
<https://drive.google.com/file/d/14DJc97eph-t9k3F4CrnVzDoCwF-1ww45/view?usp=sharing>
- Lecturas coeducativas
<https://www.edu.xunta.gal/centros/cafi/aulavirtual/mod/folder/view.php?id=32789&lang=es>
- Linguaxe non sexista. Xunta de Galicia
<http://igualdade.xunta.gal/gl/content/linguaxe-non-sexista#linguistico>
- Linguaxe non sexista en galego. Aplicación EXERIA.
<http://www.exeria.net/que.php>
- Linguaxe non sexista. Manual de estilo do DOG:
https://wikidog.xunta.gal/index.php/Linguaxe_non_sexista
- Linguaxe non sexista. Instituto de las Mujeres. Nombra en masculino y en femenino:
https://www.inmujeres.gob.es/areasTematicas/educacion/publicaciones/serieLenguaje/docs/Nombra_en_red.pdf
- Mulleres en Galicia
<https://igualdade.xunta.gal/gl>
- Mulleres con ciencia
<https://mujeresconciencia.com/>
- Museos en femenino
<https://museosenfemenino.es/>

- Sexismo lingüístico.

https://www.rae.es/sites/default/files/Sexismo_linguistico_y_visibilidad_de_la_mujer_0.pdf

Documento aprobado en Consello escolar o 10 de xullo de 2024